

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O DÍA 27 DE XANEIRO DE 2022

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D. José Simoes Couceiro

D^a Raquel Caruncho Corral

D^a Yolanda Vázquez Busto

D^a Ángela Piñeiro Carrera

D. Daniel Ríos Fernández

D. Joshua Dopico López

D^a. Manuela García Fachal

D^a Alejandra Bellón Tenreiro

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro

D. Luis Angel Díaz González.

D^a Rocío Souto Torre

D. Luis Pena Mosquera

Na sala de sesións da Casa do Concello de Pontevedra, sendo as doce horas e un minutos do día vinte e sete de xaneiro de dous mil vinte e dous, xúntanse de xeito telemático, en sesión ordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente don Bernardo Fernández Piñeiro

Foron asistidos pola Secretaria e Interventora Municipais.

A Secretaria:

Dna. Ana Ramos Ramos.

A Interventora:

Dna. Lucía Varela Martínez.

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓNS, SE PROCEDE, DO BORRADOR DAS ACTAS DAS SESIÓNS PLENARIAS DO DÍA 25.11.2021, 3.12.2021, 30.12.2021 E 17.01.2022

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

<<PROPOSTA DE ACORDO

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES

SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 25.11.2021

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 3.12.2021

SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 30.12.2021



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO DÍA 17-01-2022

Expediente TEdEC: 2022/G006/000014

Recibidas polas persoas membro do Pleno, as copias dos borradores das actas correspondente á sesión:

Sesión ordinaria do día 25.11.2021 (borrador asinado o día 24.01.2022)

Sesión extraordinaria do día 3.12.2021 (borrador asinado o día 24.01.2022)

Sesión ordinaria do día 30.12.2021 (borrador asinado o día 20.01.2022)

Sesión extraordinaria e urxente do día 17.01.2022 (borrador asinado o día 17.01.2022)

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

Sesión ordinaria do día 25.11.2021 (borrador asinado o día 24.01.2022)

Sesión extraordinaria do día 3.12.2021 (borrador asinado o día 24.01.2022)

Sesión ordinaria do día 30.12.2021 (borrador asinado o día 20.01.2022)

Sesión extraordinaria e urxente do día 17.01.2022 (borrador asinado o día 17.01.2022)

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, en Pontevedra, o día que figura na marxe.>>

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións relativas ao contido dos borradores das actas correspondentes, sométese a votación por separado os borradores das actas das sesións anteriores:

Sométese a votación o borrador da acta da **sesión ordinaria do día 25.11.2021**, quedando **ADOPTADA** en todos os seus termos a proposta transcrita por **UNANIMIDADE**, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

Sesión ordinaria do día 25.11.2021 (borrador asinado o día 24.01.2022)

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



Sométese a votación o borrador da acta da **sesión extraordinaria do día 03.12.2021**, quedando **ADOPTADA** en todos os seus termos a proposta transcrita por **UNANIMIDADE**, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

Sesión extraordinaria do día 3.12.2021 (borrador asinado o día 24.01.2022)

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro

Sométese a votación o borrador da acta da **sesión ordinaria do día 30.12.2021**, sométese a votación a proposta de acordo quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 12 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdG-PSOE (8): D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; do Grupo Municipal do PP (2): D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luís Angel Díaz González; do Grupo Municipal do BNG (2); D. Luís Pena Mosquera e D^a Rocío Souto Torre, e **1 ABSTENCIÓNS** do Presidente D. Bernardo Fernández Piñeiro (por non estar presente na sesión), o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

Sesión ordinaria do día 30.12.2021 (borrador asinado o día 20.01.2022)

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Sométese a votación o borrador da acta da **sesión extraordinaria e urxente do día 17.01.2022**, sométese a votación a proposta de acordo quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 12 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdG-PSOE (8): D. José Simoes Couceiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; do Grupo Municipal do PP (2): D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luís Angel Díaz González; do Grupo Municipal do BNG (2); D. Luís Pena Mosquera e D^a Rocío Souto Torre, e **1 ABSTENCIÓNS** do Presidente D. Bernardo Fernández Piñeiro (por non estar presente na sesión), o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

Sesión extraordinaria e urxente do día 17.01.2022 (borrador asinado o día 17.01.2022)



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro

2.- MODIFICACIÓN NÚM. 1 DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME

A Secretaria da lectura ó ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno do 24.01.2022, que se transcribe a continuación:

"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno

SESIÓN: Ordinaria do día luns 24 de xaneiro de 2022

EXPDTE: 2022/G012/000001

Sesión nº: 2022/1

2.- MODIFICACIÓN NUM. 1 DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA EN FUNCIONS

MODIFICACIÓN Nº 1 DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME: modificación dos artigos 48, 50, 52, 53, 55, 75, 76, 78, e 82 do ROM do concello de Pontevedra en vigor, publicado no BOP da Coruña núm. 18 do día 28 de xaneiro de 2016

Logo de transcurrido un lustro desde a aprobación do Regulamento Orgánico Municipal do concello de Pontevedra cumpre introducir adaptacións á redacción do articulado relacionadas coa tramitación electrónica dos procedementos administrativos prevista na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como polo Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, xunto coas modificacións introducidas na lexislación básica de administración local.

Cumpre incorporar a regulación que modifica o sistema de posta a disposición da documentación aos membros da Corporación a través de medios electrónicos no Portal de Cargos Electos da Sede Electrónica municipal <https://sede.pontevedra.gal>.

Asimesmo é necesario regular a práctica da notificación das convocatorias dos órganos colexiados legalmente constituídos, a través do Sistema de Notificacións de Galicia, [Notifica.gal](https://notifica.gal).

Establécese a elaboración das Actas e Libros de Actas por medios electrónicos dando cumprimento ao previsto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre los libros de actas y de resoluciones de las entidades locales gallegas.

Igualmente se contempla que todos os órganos colexiados previstos neste Regulamento Orgánico poidanse constituír, convocar, celebrar as súas sesións e adoptar acordos co obxectivo de permitir a asistencia dos seus membros de forma non presencial adaptando ao



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ámbito municipal a posibilidade aberta pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Considerando o establecido no artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público no que se dispón que todos os órganos colexiados van poder celebrar as súas sesións a distancia, salvo que o seu regulamento interno recolla expresamente e excepcionalmente o contrario.

Considerando o establecido na Disposición Adicional vixesimoprimeira da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público pola que se exclúe do seu ámbito de aplicación os órganos colexiados de goberno das entidades locais, pero non prohíbe que a Regulamentación de carácter orgánico prevea tal circunstancia, en maior medida cando se está a seguir esta modalidade de asistencia ás sesións de órganos colexiados dende que a pandemia do COVID-19 puxo de manifesto a necesidade de manter distanciamento interpersoal para poder evitar os contaxios masivos que están sucedendo nos últimos tempos.

Considerando o previsto no artigo 4 e 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en canto á potestade regulamentaria e de autoorganización atribuída aos municipios que lexítima a adopción do presente acordo, así como sobre as regras de funcionamento do Pleno das Corporacións Locais.

Tendo en conta que a modificación corresponde á redacción dos artigos 7, 48, 50, 52, 53, 55, 75, 76, 78, e 82 do ROM do concello de Pontedeume en vigor, publicado no BOP da Coruña nº 18 do día 28 de xaneiro de 2016.

Tendo en conta que conforme ao establecido no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: "...Podrá prescindirse de los trámites de consulta, audiencia e información públicas previstos en este artículo en el caso de normas presupuestarias u organizativas de la Administración General del Estado, la Administración autonómica, la Administración local o de las organizaciones dependientes o vinculadas a éstas, o cuando concurren razones graves de interés público que lo justifiquen."...//...

Visto o informe xurídico emitido pola Secretaria da corporación en data 17/01/2022 sobre o procedemento a seguir e a lexislación aplicable.

PROPOÑO:

PRIMERO.- Aprobar inicialmente a modificación número 1 do Regulamento Orgánico Municipal do concello de Pontedeume nos seguintes termos:

A modificación corresponde á redacción dos artigos 7, 48, 50, 52, 53, 55, 75, 76, 78, e 82 do ROM do concello de Pontedeume en vigor, publicado no BOP da Coruña nº 18 do día 28 de xaneiro de 2016, que quedarán redactos do seguinte teor literal:

Artigo 7. Honras, Prerrogativas e Distincións.

Os/as membros da Corporación Local gozan, unha vez que tomaron posesión do cargo, das honras, prerrogativas e distincións propios deste, que se establezan nas Leis estatais e nas que as desenvolvan, e están obrigados/as ao cumprimento estrito dos seus deberes e obrigas inherentes naquel.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

-
/

Os Concelleiros e Concelleiras electos/as facilitarán a dirección de correo electrónico á que se enviarán todas as notificacións electrónicas que lles afecten, dando por cumprido trámite a documentación remitida por este medio, do que se deixará constancia suficiente.

O Alcalde-Presidente promoverá o uso de medios electrónicos por todos os concelleiros e concelleiras da corporación para a remisión de documentación, convocatorias a sesións, remisión de actas, entre outros.

A notificación electrónica terá lugar a través do Sistema de Notificacións de Galicia, Notifica.gal.

O Alcalde ou Alcaldesa do Concello de Pontedeume recibirá o tratamento de Señoría.

Artigo 48. Convocatoria das sesións do Pleno.

Corresponde ao Alcalde ou Alcaldesa convocar todas as sesións do Pleno. Á convocatoria das sesións acompañarase a orde do día comprensiva dos asuntos para tratar co suficiente detalle, e os borradores de Actas de sesións anteriores que deban ser aprobados na sesión.

Os borradores de actas de sesións anteriores serán postos a disposición dos membros do Pleno a través de medios electrónicos no Portal de Cargos Electos da Sede Electrónica municipal <https://sede.pontedeume.gal>.

Entre a convocatoria e a celebración da sesión non poderán transcorrer menos de dous días hábiles, salvo no caso das sesións extraordinarias urxentes.

Artigo 50. Notificación da convocatoria e orde do día.

Xunto á convocatoria para a sesión será preceptiva a notificación aos/ás membros da Corporación Local da orde do día, e deberá quedar acreditado o cumprimento deste requisito na Secretaría Xeral.

A práctica da notificación da convocatoria terá lugar a través do Sistema de Notificacións de Galicia, Notifica.gal.

A orde do día das sesións será fixado polo Alcalde ou Alcaldesa asistido da Secretaría. Así mesmo, poderá solicitar a asistencia e consultar, se o estima oportuno, aos/ás voceiros dos Grupos existentes na Corporación.

Na orde do día só poden incluírse os asuntos que fosen previamente ditaminados, informados ou sometidos a consulta da Comisión Informativa que corresponda.

O Alcalde ou Alcaldesa, por razóns de urxencia debidamente motivada, poderá incluír na orde do día, a iniciativa propia ou a proposta dalgún/ha dos/as Portavoces, asuntos que non fosen previamente informados pola respectiva Comisión Informativa, pero, neste suposto, non poderá adoptarse Acordo algún sobre estes asuntos sen que o Pleno ratifique a súa inclusión na orde do día.

Na orde do día das sesións ordinarias incluírse sempre o punto de rogos e preguntas.

Artigo 52. Acceso á documentación.

A documentación dos asuntos incluídos na orde do día que debe servir de bases ao debate e, no seu caso, votación, deberá estar a disposición dos/as membros da Corporación desde o



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



mesmo día da convocatoria a través de medios electrónicos no Portal de Cargos Electos da Sede Electrónica municipal <https://sede.pontedeume.gal>.

Calquera membro da Corporación poderá ter acceso á documentación dos asuntos incluídos na orde do día dos órganos colexiados dos que formen parte.

Artigo 53. Lugar e duración das sesións.

O Pleno celebrará as súas sesións na Casa Consistorial, salvo nos supostos de forza maior nos que, a través da convocatoria ou por Decreto de Alcaldía ditada previamente e notificada a todos os membros da Corporación, poderá habilitarse outro edificio ou local para ese efecto. En calquera caso, esta circunstancia farase constar no Acta.

Asimesmo, a celebración poderá ter lugar por medios telemáticos e será así determinado na convocatoria da mesma. A estos efectos todos/as ou parte dos membros da corporación e empregados/as públicos/as que asisten á sesión, poderanse atopar en lugares distintos ao lugar de celebración da sesión sempre e cando se asegure por medios electrónicos a identidade dos mesmos, o contido das súas manifestacións, e o momento no que se producen, así como a interactividade e intercomunicación entre eles en tempo real. A dispoñibilidade dos medios garantirase durante toda a sesión. En todo caso quedará garantida a participación do membro corporativo na votación dos asuntos a tratar o que equivale á garantía de expresar de forma inequívoca o sentido do voto. Entre outros, consideraranse medios electrónicos válidos a audioconferencia e a videoconferencia.

Toda sesión, sexa ordinaria ou extraordinaria, haberá de respectar o principio de unidade de acto e procurarase que termine no mesmo día do seu comezo. Se este rematara sen que se debatiran todos os asuntos incluídos na orde do día, a Presidencia poderá levantar a sesión. Neste caso os asuntos non debatidos deberanse de incluír na orde do día da seguinte sesión.

O Alcalde ou Alcaldesa, segundo o seu prudente criterio e en atención ao volume e complexidade dos asuntos para tratar poderá dispor dun ou máis descansos ao longo da sesión, coa advertencia da hora en que se continuará a sesión.

Artigo 55. Asistencia ás sesións.

Os/as membros da Corporación nas sesións presenciais tomarán asento no Salón de Sesións unidos ao seu Grupo. A orde de colocación dos Grupos determinarase polo/a Presidente/a, ouvidos os/as voceiros, tendo preferencia o Grupo formado polos membros da lista que obtivese maior número de votos. En calquera caso, a colocación dos/as membros corporativos tenderá a facilitar a emisión e recuento dos votos.

Para a constitución válida do Pleno, requírese a asistencia presencial ou telemática dun terzo do número legal de membros da Corporación, que nunca poderá ser inferior a tres. Este quórum deberase manter durante toda a sesión.

En todo caso, deberán asistir presencial ou telemáticamente o/a Presidente/a e o/a Secretario/a da Corporación, ou quen legalmente lles substitúan.

Se realizada a primeira convocatoria non existise o quórum necesario, entenderase automaticamente convocada á mesma hora, dous días despois. Se tampouco nesta segunda



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



convocatoria se acada o quórum necesario, os asuntos previstos a tratar pospoñeranse para o estudo na primeira sesión que se celebre con posterioridade, sexa ordinaria ou extraordinaria.

Artigo 75. Libro de actas.

O Acta, unha vez que aprobada polo Pleno, transcribírase ao Libro de Actas que será asinado dixitalmente polo/a Alcalde/Alcaldesa/Presidente/a e o/a Secretario/a.

As actas das sesións dos órganos colexiados de goberno estenderanse en soporte electrónico incorporando, ou non o arquivo audiovisual das sesións.

Os libros de actas e os de resolucións en soporte electrónico estarán formados, respectivamente, pola agregación cronolóxica e numerada correlativamente das correspondentes actas e resolución no seu caso. Cada libro abranguerá o período dun ano natural e poderá incorporar un índice comprensivo dos arquivos incluídos.

A aplicación informática que soporte tales libros deberá garantir a integridade, autenticidade, calidade, confidencialidade, protección e conservación dos ficheiros electrónicos correspondentes.

Artigo 76. Transcrición das actas.

As actas das sesións dos órganos colexiados de goberno transcribíranse en documentos asinados electrónicamente pola persoa titular da secretaría e pola persoa titular da presidencia do órgano colexiado de goberno ou persoa que a substitúa ou en quen delegue. As sinaturas destes documentos terán as garantías exixidas pola normativa reguladora dos documentos electrónicos.

As actas das sesións dos órganos colexiados de goberno estenderanse en soporte electrónico incorporando, ou non o arquivo audiovisual das sesións.

A acta en soporte electrónico sen incorporación do arquivo audiovisual da sesión defínese coma o documento electrónico que conteña, como mínimo:

a) Consignación expresa dos seguintes extremos: lugar de reunión, data e hora de inicio e finalización da sesión, indicación do carácter ordinario ou extraordinario, persoas asistentes con expresión dos seus cargos (presidente/a, vogais e demais) e os membros que se escusasen, orde do día, contido dos acordos acadados, se for o caso, e opinións sintetizadas dos membros que tivesen intervido nas deliberacións, así como a expresión do sentido do voto dos membros.

b) Sinatura electrónica: a sinatura electrónica da persoa que exerce a secretaría do órgano, que dota de fe pública e efectos de dereito o documento, e da persoa que exerza a presidencia.

Por acordo de pleno poderá optarse porque as actas das sesións dos órganos colexiados de goberno incorporen o arquivo audiovisual da sesión. Neste caso, o ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida pola secretaría da súa autenticidade e integridade, e cantos documentos en soporte electrónico se empregasen como documentos da sesión,



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

incorporaranse á acta da sesión, sen necesidade de facer constar nesta última as deliberacións.

A acta en soporte electrónico con incorporación do arquivo audiovisual da sesión defínese como un documento electrónico e multimedia que conteña como mínimo:

- a) A consignación expresa dos seguintes datos: lugar de reunión, data e hora de inicio e finalización da sesión, indicación do carácter ordinario ou extraordinario, persoas asistentes con expresión dos seus cargos (presidente/a, vogais e demais) e os membros que se escusasen, orde do día, contido dos acordos alcanzados, se for o caso, así como a expresión do sentido do voto dos membros.
- b) A gravación da sesión cun arquivo de audio e vídeo. Este documento recollerá a literalidade das intervencións.
- c) Sinatura electrónica: a sinatura electrónica da persoa que exerce a secretaría do órgano, que dota de fe pública e efectos de dereito o documento, e da persoa que exerza a presidencia.

CAPÍTULO SEGUNDO. FUNCIONAMENTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Artigo 78. Das Sesións.

A Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva, a convocatoria do/a Alcalde/Alcaldesa, dentro dos dez días seguintes a aquel en que este designase aos/ás membros que a integran. Celebrarase por parte da Xunta de Goberno Local sesión ordinaria cada quince días como mínimo. Corresponde á Alcaldía fixar, mediante Decreto, o día e hora en que deba celebrarse sesión ordinaria. As sesións extraordinarias e as urxentes terán lugar cando, con tal carácter, sexan convocadas polo/a Alcalde/ Alcaldesa. O Alcalde ou Alcaldesa poderá en calquera momento reunir á Xunta de Goberno Local cando estime necesario coñecer o seu parecer ou pedir a súa asistencia con anterioridade a ditar Resolucións en exercicio das atribucións que lle correspondan. As sesións celebraranse na Casa Consistorial/edificio que sexa sede da Entidade, salvo os supostos de forza maior. Asimesmo, a celebración poderá ter lugar por medios telemáticos e será así determinado na convocatoria da mesma. O réxime de funcionamento telemático atenderá ao previsto a estos efectos no presente Regulamento. Non serán públicas as sesións da Xunta de Goberno Local

CAPÍTULO PRIMEIRO. AS COMISIÓNS INFORMATIVAS

Artigo 82. Celebración das sesións.

As Comisións Informativas celebrarán sesións ordinarias coa periodicidade que se acorde polo Pleno no momento en que se constituían, nos días e horas que estableza o Alcalde ou Alcaldesa, ou o/a Presidente/a da Comisión, quen poderá, así mesmo, convocar sesións extraordinarias ou urxentes das mesmas. O/a Alcalde/Alcaldesa ou o/a Presidente/a da Comisión estará obrigado/a a convocar sesión extraordinaria cando o solicite a cuarta parte, polo menos, dos/as membros da Comisión. Réxese neste suposto polas mesmas normas que para a celebración dunha sesión extraordinaria do Pleno. As sesións celebraranse no salón de sesións municipal. As sesións poderán ser celebradas telemáticamente e será así determinado na convocatoria. O réxime de funcionamento telemático atenderá ao previsto a estos efectos no presente Regulamento. A convocatoria e a orde do día deberán ser notificados aos/ás membros da Comisión, por medios electrónicos e co cumprimento dos requisitos legalmente esixidos.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SEGUNDO.- Acordar a publicación do acordo que se adopte no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios deste Concello, no portal web municipal, ao obxecto de que durante o prazo de 30 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao de publicación no Boletín Oficial, os cidadáns poidan presentar as reclamacións e/ou suxerencias que consideren oportunas (art. 49 LRBRL).

TERCEIRO.- As reclamacións e suxerencias presentadas, no seu caso, serán elevadas ao Pleno coa proposta de estimación ou desestimación que proceda e de aprobación definitiva do ROM nos termos propostos.

CUARTO.- En caso de non presentarse reclamacións nin suxerencias, entenderase aprobado definitivamente o ROM, a cuxo efecto pola Alcaldía ordenaranse os trámites necesarios para a conclusión do procedemento e a súa entrada en vigor.

QUINTO.-Que o acordo de aprobación definitiva ou, no seu caso, o acordo de aprobación inicial elevado automaticamente a aquela categoría, xunto co texto íntegro refundido do ROM, publíquese no Boletín Oficial da Provincia da Coruña aos efectos de xeral coñecemento.

SEXTO.- Que o acordo e o texto do Regulamento comuníquese ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma dentro do prazo dos seis días seguintes á súa aprobación, en cumprimento do disposto no artigo 196.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Alcalde en funcións

Don José Simoes Couceiro”

A Presidencia abre a quenda para o debate.

...//...

Sen máis intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **MAIORÍA de 6 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Manuela García Fachal, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; 1 voto a favor do concelleiro do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e **1 abstención** do concelleiro do Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra o don José Simoes Couceiro (PSdG-PSOE) Concelleiro de Réxime Interiro, reitera o dito na Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno do 24/01/2022, considera que o Regulamento hai que modernizalo para adaptalo a nova normativa.

Toma a palabra o don Luis Pena Mosquera (BNG), na súa opinión considera que é un documento necesario e interesante. Respecto aos Plenos, pensa que non se cumpre que sexan públicos, a cidadanía non pode acceder á información, e hoxe en día non hai dificultades técnicas, insta polo tanto ao goberno a que os Plenos sexan públicos.

Toma a palabra o don José Simoes Couceiro, comenta que os Plenos grávanse, e cando a



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



paxina web estea operativa, colgaranse as gravacións.

Sen máis intervencións, sométese a votación o ditame, quedando **ADOPTADO por UNANIMIDADE das concelleiras e concelleiros, o ACORDO seguinte:**

PRIMERO.- Aprobar inicialmente a modificación número 1 do Regulamento Orgánico Municipal do concello de Pontevedra nos seguintes termos:

A modificación corresponde á redacción dos artigos 7, 48, 50, 52, 53, 55, 75, 76, 78, e 82 do ROM do concello de Pontevedra en vigor, publicado no BOP da Coruña nº 18 do día 28 de xaneiro de 2016, que quedarán redactos do seguinte teor literal:

Artigo 7. Honras, Prerrogativas e Distincións.

Os/as membros da Corporación Local gozan, unha vez que tomaron posesión do cargo, das honras, prerrogativas e distincións propios deste, que se establezan nas Leis estatais e nas que as desenvolvan, e están obrigados/as ao cumprimento estrito dos seus deberes e obrigas inherentes naquel.

Os Concelleiros e Concelleiras electos/as facilitarán a dirección de correo electrónico á que se enviarán todas as notificacións electrónicas que lles afecten, dando por cumprido trámite a documentación remitida por este medio, do que se deixará constancia suficiente.

O Alcalde-Presidente promoverá o uso de medios electrónicos por todos os concelleiros e concelleiras da corporación para a remisión de documentación, convocatorias a sesións, remisión de actas, entre outros.

A notificación electrónica terá lugar a través do Sistema de Notificacións de Galicia, Notifica.gal.

O Alcalde ou Alcaldesa do Concello de Pontevedra recibirá o tratamento de Señoría.

Artigo 48. Convocatoria das sesións do Pleno.

Corresponde ao Alcalde ou Alcaldesa convocar todas as sesións do Pleno. Á convocatoria das sesións acompañarase a orde do día comprensiva dos asuntos para tratar co suficiente detalle, e os borradores de Actas de sesións anteriores que deban ser aprobados na sesión.

Os borradores de actas de sesións anteriores serán postos a disposición dos membros do Pleno a través de medios electrónicos no Portal de Cargos Electos da Sede Electrónica municipal <https://sede.pontevedra.gal>.

Entre a convocatoria e a celebración da sesión non poderán transcorrer menos de dous días hábiles, salvo no caso das sesións extraordinarias urxentes.

Artigo 50. Notificación da convocatoria e orde do día.

Xunto á convocatoria para a sesión será preceptiva a notificación aos/ás membros da Corporación Local da orde do día, e deberá quedar acreditado o cumprimento deste requisito na Secretaría Xeral.

A práctica da notificación da convocatoria terá lugar a través do Sistema de Notificacións de



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



Galicia, Notifica.gal.

A orde do día das sesións será fixado polo Alcalde ou Alcaldesa asistido da Secretaría. Así mesmo, poderá solicitar a asistencia e consultar, se o estima oportuno, aos/ás voceiros dos Grupos existentes na Corporación.

Na orde do día só poden incluírse os asuntos que fosen previamente ditaminados, informados ou sometidos a consulta da Comisión Informativa que corresponda.

O Alcalde ou Alcaldesa, por razóns de urxencia debidamente motivada, poderá incluír na orde do día, a iniciativa propia ou a proposta dalgún/ha dos/as Portavoces, asuntos que non fosen previamente informados pola respectiva Comisión Informativa, pero, neste suposto, non poderá adoptarse Acordo algún sobre estes asuntos sen que o Pleno ratifique a súa inclusión na orde do día.

Na orde do día das sesións ordinarias incluírse sempre o punto de rogos e preguntas.

Artigo 52. Acceso á documentación.

A documentación dos asuntos incluídos na orde do día que debe servir de bases ao debate e, no seu caso, votación, deberá estar a disposición dos/as membros da Corporación desde o mesmo día da convocatoria a través de medios electrónicos no Portal de Cargos Electos da Sede Electrónica municipal <https://sede.pontevedra.gal>.

Calquera membro da Corporación poderá ter acceso á documentación dos asuntos incluídos na orde do día dos órganos colexiados dos que formen parte.

Artigo 53. Lugar e duración das sesións.

O Pleno celebrará as súas sesións na Casa Consistorial, salvo nos supostos de forza maior nos que, a través da convocatoria ou por Decreto de Alcaldía ditada previamente e notificada a todos os membros da Corporación, poderá habilitarse outro edificio ou local para ese efecto. En calquera caso, esta circunstancia farase constar no Acta.

Asimesmo, a celebración poderá ter lugar por medios telemáticos e será así determinado na convocatoria da mesma. A estos efectos todos/as ou parte dos membros da corporación e empregados/as públicos/as que asisten á sesión, poderanse atopar en lugares distintos ao lugar de celebración da sesión sempre e cando se asegure por medios electrónicos a identidade dos mesmos, o contido das súas manifestacións, e o momento no que se producen, así como a interactividade e intercomunicación entre eles en tempo real. A dispoñibilidade dos medios garantirase durante toda a sesión. En todo caso quedará garantida a participación do membro corporativo na votación dos asuntos a tratar o que equivale á garantía de expresar de forma inequívoca o sentido do voto. Entre outros, consideraranse medios electrónicos válidos a audioconferencia e a videoconferencia.

Toda sesión, sexa ordinaria ou extraordinaria, haberá de respectar o principio de unidade de acto e procurarase que termine no mesmo día do seu comezo. Se este rematara sen que se debatiran todos os asuntos incluídos na orde do día, a Presidencia poderá levantar a sesión. Neste caso os asuntos non debatidos deberanse de incluír na orde do día da seguinte sesión.

O Alcalde ou Alcaldesa, segundo o seu prudente criterio e en atención ao volume e complexidade dos asuntos para tratar poderá dispor dun ou máis descansos ao longo da sesión, coa advertencia da hora en que se continuará a sesión.



Artigo 55. Asistencia ás sesións.

Os/as membros da Corporación nas sesións presenciais tomarán asento no Salón de Sesións unidos ao seu Grupo. A orde de colocación dos Grupos determinarase polo/a Presidente/a, ouvidos os/as voceiros, tendo preferencia o Grupo formado polos membros da lista que obtivese maior número de votos. En calquera caso, a colocación dos/as membros corporativos tenderá a facilitar a emisión e recuento dos votos.

Para a constitución válida do Pleno, requírese a asistencia presencial ou telemática dun terzo do número legal de membros da Corporación, que nunca poderá ser inferior a tres. Este quórum deberase manter durante toda a sesión.

En todo caso, deberán asistir presencial ou telemáticamente o/a Presidente/a e o/a Secretario/a da Corporación, ou quen legalmente lles substitúan.

Se realizada a primeira convocatoria non existise o quórum necesario, entenderase automaticamente convocada á mesma hora, dous días despois. Se tampouco nesta segunda convocatoria se acadara o quórum necesario, os asuntos previstos a tratar pospoñeranse para o estudo na primeira sesión que se celebre con posterioridade, sexa ordinaria ou extraordinaria.

Artigo 75. Libro de actas.

O Acta, unha vez que aprobada polo Pleno, transcribírase ao Libro de Actas que será asinado dixitalmente polo/a Alcalde/Alcaldesa/Presidente/a e o/a Secretario/a.

As actas das sesións dos órganos colexiados de goberno estenderanse en soporte electrónico incorporando, ou non o arquivo audiovisual das sesións.

Os libros de actas e os de resolucións en soporte electrónico estarán formados, respectivamente, pola agregación cronolóxica e numerada correlativamente das correspondentes actas e resolución no seu caso. Cada libro abranguerá o período dun ano natural e poderá incorporar un índice comprensivo dos arquivos incluídos.

A aplicación informática que soporte tales libros deberá garantir a integridade, autenticidade, calidade, confidencialidade, protección e conservación dos ficheiros electrónicos correspondentes.

Artigo 76. Transcrición das actas.

As actas das sesións dos órganos colexiados de goberno transcribíranse en documentos asinados electrónicamente pola persoa titular da secretaría e pola persoa titular da presidencia do órgano colexiado de goberno ou persoa que a substitúa ou en quen delegue. As sinaturas destes documentos terán as garantías exixidas pola normativa reguladora dos documentos electrónicos.

As actas das sesións dos órganos colexiados de goberno estenderanse en soporte electrónico incorporando, ou non o arquivo audiovisual das sesións.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



A acta en soporte electrónico sen incorporación do arquivo audiovisual da sesión defínese coma o documento electrónico que conteña, como mínimo:

a) Consignación expresa dos seguintes extremos: lugar de reunión, data e hora de inicio e finalización da sesión, indicación do carácter ordinario ou extraordinario, persoas asistentes con expresión dos seus cargos (presidente/a, vogais e demais) e os membros que se escusasen, orde do día, contido dos acordos acadados, se for o caso, e opinións sintetizadas dos membros que tivesen intervindo nas deliberacións, así como a expresión do sentido do voto dos membros.

b) Sinatura electrónica: a sinatura electrónica da persoa que exerce a secretaría do órgano, que dota de fe pública e efectos de dereito o documento, e da persoa que exerza a presidencia.

Por acordo de pleno poderá optarse porque as actas das sesións dos órganos colexiados de goberno incorporen o arquivo audiovisual da sesión. Neste caso, o ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida pola secretaría da súa autenticidade e integridade, e cantos documentos en soporte electrónico se empregasen como documentos da sesión, incorporaranse á acta da sesión, sen necesidade de facer constar nesta última as deliberacións.

A acta en soporte electrónico con incorporación do arquivo audiovisual da sesión defínese como un documento electrónico e multimedia que conteña como mínimo:

a) A consignación expresa dos seguintes datos: lugar de reunión, data e hora de inicio e finalización da sesión, indicación do carácter ordinario ou extraordinario, persoas asistentes con expresión dos seus cargos (presidente/a, vogais e demais) e os membros que se escusasen, orde do día, contido dos acordos alcanzados, se for o caso, así como a expresión do sentido do voto dos membros.

b) A gravación da sesión cun arquivo de audio e vídeo. Este documento recollerá a literalidade das intervencións.

c) Sinatura electrónica: a sinatura electrónica da persoa que exerce a secretaría do órgano, que dota de fe pública e efectos de dereito o documento, e da persoa que exerza a presidencia.

CAPÍTULO SEGUNDO. FUNCIONAMENTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Artigo 78. Das Sesións.

A Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva, a convocatoria do/a Alcalde/Alcaldesa, dentro dos dez días seguintes a aquel en que este designase aos/ás membros que a integran. Celebrarase por parte da Xunta de Goberno Local sesión ordinaria cada quince días como mínimo. Corresponde á Alcaldía fixar, mediante Decreto, o día e hora en que deba celebrarse sesión ordinaria. As sesións extraordinarias e as urxentes terán lugar cando, con tal carácter, sexan convocadas polo/a Alcalde/ Alcaldesa. O Alcalde ou Alcaldesa poderá en calquera momento reunir á Xunta de Goberno Local cando estime necesario coñecer o seu parecer ou pedir a súa asistencia con anterioridade a ditar Resolucións en exercicio das atribucións que lle correspondan. As sesións celebraranse na Casa Consistorial/edificio que sexa sede da Entidade, salvo os supostos de forza maior. Asimesmo, a celebración poderá ter lugar por medios telemáticos e será así determinado na convocatoria da mesma. O réxime de



*funcionamento telemático atenderá ao previsto a estos efectos no presente Regulamento.
Non serán públicas as sesións da Xunta de Goberno Local*

CAPÍTULO PRIMEIRO. AS COMISIÓNS INFORMATIVAS

Artigo 82. Celebración das sesións.

As Comisións Informativas celebrarán sesións ordinarias coa periodicidade que se acorde polo Pleno no momento en que se constituán, nos días e horas que estableza o Alcalde ou Alcaldesa, ou o/a Presidente/a da Comisión, quen poderá, así mesmo, convocar sesións extraordinarias ou urxentes das mesmas. O/a Alcalde/Alcaldesa ou o/a Presidente/a da Comisión estará obrigado/a a convocar sesión extraordinaria cando o solicite a cuarta parte, polo menos, dos/as membros da Comisión. Réxese neste suposto polas mesmas normas que para a celebración dunha sesión extraordinaria do Pleno. As sesións celebraranse no salón de sesións municipal. As sesións poderán ser celebradas telemáticamente e será así determinado na convocatoria. O réxime de funcionamento telemático atenderá ao previsto a estos efectos no presente Regulamento. A convocatoria e a orde do día deberán ser notificados aos/ás membros da Comisión, por medios electrónicos e co cumprimento dos requisitos legalmente esixidos.

SEGUNDO.- Acordar a publicación do acordo que se adopte no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios deste Concello, no portal web municipal, ao obxecto de que durante o prazo de 30 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao de publicación no Boletín Oficial, os cidadáns poidan presentar as reclamacións e/ou suxerencias que consideren oportunas (art. 49 LRBRL).

TERCEIRO.- As reclamacións e suxerencias presentadas, no seu caso, serán elevadas ao Pleno coa proposta de estimación ou desestimación que proceda e de aprobación definitiva do ROM nos termos propostos.

CUARTO.- En caso de non presentarse reclamacións nin suxerencias, entenderase aprobado definitivamente o ROM, a cuxo efecto pola Alcaldía ordenaranse os trámites necesarios para a conclusión do procedemento e a súa entrada en vigor.

QUINTO.- Que o acordo de aprobación definitiva ou, no seu caso, o acordo de aprobación inicial elevado automaticamente a aquela categoría, xunto co texto íntegro refundido do ROM, publíquese no Boletín Oficial da Provincia da Coruña aos efectos de xeral coñecemento.

SEXTO.- Que o acordo e o texto do Regulamento comuníquese ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma dentro do prazo dos seis días seguintes á súa aprobación, en cumprimento do disposto no artigo 196.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

3.- RATIFICACIÓN DA INCLUSIÓN ORDE DO DÍA DE ASUNTOS NON DITAMINADOS POLA COMISIÓN INFORMATIVA: 4º REAXUSTE DE ANUALIDADES DO "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I. CONCELLO PONTEDEUME (A CORUÑA), COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A Presidencia propón incluír na orde do día o seguinte asunto:

- 4º REAXUSTE DE ANUALIDADES DO "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I. CONCELLO PONTEDEUME (A CORUÑA), COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

Sometese a votación a ratificación da inclusión na orde do día do asunto non ditaminado pola Comisión Informativa, quedando **RATIFICADA a URXENCIA** e a **INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA** por **UNANIMIDADE** das persoas membro presentes.

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

<<PROPOSTA DE ACORDO

4º REAXUSTE DE ANUALIDADES DO "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I. CONCELLO PONTEDEUME (A CORUÑA), COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020.

Expediente TEdC: 2022/G006/000005

O Pleno do Concello de Pontevedra adoptaba, sen sesión ordinaria celebrada o 28.07.2016 o acordo relativo á aprobación do "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I. CONCELLO PONTEDEUME (A CORUÑA), COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020".

O 30 de agosto de 2016 asinábase o dito documento de colaboración, no que consta a seguinte distribución de anualidades:

Ano	Importe (Euros)
2016	200.000,00
2017	500.000,00
2018	2.000.000,00
2019	1.600.000,00

En sesión plenaria celebrada con carácter ordinario o 27.07.2017, adoptábase o acordo relativo á aprobación do reaxuste de anualidades do dito convenio, logo da recepción nesta entidade



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

local da notificación de data 13.07.2017 dos acordos da Dirección Xeral de Augas de Galicia de data 31.12.2016 e 12.07.2017, rexistro de entrada nº 3931 de 14.07.2017 que, en base á cláusula undécima do convenio e para adecuar as estipulacións económicas ao ritmo previsto para a execución das obras, conforme ao seguinte:

Ano	Importe (Euros)
2016	0,00
2017	700.000,00
2018	2.000.000,00
2019	1.600.000,00

O 26 de abril de 2018, o Pleno do Concello celebrado en sesión ordinaria adoptaba un novo acordo de reaxuste de anualidades, segundo o que se indica a continuación.

Ano	Importe (Euros)
2017	0,00
2018	1.250.000,00
2019	3.050.000,00

En sesións celebradas con carácter extraordinario e urxente de 18.12.2018 e extraordinaria de 10.03.2020, o Pleno adoptaba o acordo relativo á aprobación da 1ª e 2ª Addenda ao dito convenio, respectivamente.

Por acordo do Pleno do Concello celebrado en sesión ordinaria de 29.04.2021, adoptabase o acordo relativo ás novas anualidades, segundo o seguinte:

Ano	Importe (Euros)
2019	183.011,17 €
2020	2.111.985,98 €
2021	1.955.002,85 €
2022	50.000,00 €
	4.300.000,00 €

Logo de ver a comunicación de reaxuste anualidades da entidade pública empresarial Augas de Galicia, documento con rexistro de entrada nº 202290000000023 de 12/01/2022, conforme ao seguinte:

"REAXUSTE ANUALIDADES CV16062 "



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ANTECEDENTES

1. O 30 de agosto de 2016 formalizouse o convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Pontevedeume para a execución de "actuacións de melloras no saneamento en Cabanas e Pontevedeume. Fase I. Concello de Pontevedeume (A Coruña)", cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) nun 80%, no marco do Programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

2. O 19 de decembro de 2018 formalizouse a Primeira Addenda ao convenio e o 24 de abril de 2020 a Segunda Addenda na que se amplía o prazo de vixencia e, na súa consecuencia, realizase un reaxuste das anualidades, a fin de adecuar as estipulacións económicas previstas anteriormente ao ritmo de execución das actuacións.

3. O 23.3.2021 a Dirección de Augas de Galicia acordou, de conformidade co estipulado na cláusula undécima do convenio, reaxustar a distribución de anualidades do convenio, quedando como seguen

Ano	Importe (Euros)
2019	183.011,17 €
2020	2.111.985,98 €
2021	1.955.002,85 €
2022	50.000,00 €

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

A cláusula undécima do convenio dispón:

Os compromisos de gasto plurianuais aprobados por Augas de Galicia, recollidos neste Convenio, poderán ser reaxustados unilateralmente por parte de Augas de Galicia, co límite da cantidade máxima prevista na cláusula quinta do convenio e sempre que non aumente o número de anualidades, para acompasalos ao importe de adxudicación e ao ritmo de execución das obras de referencia, sen que este reaxuste necesite da tramitación dunha addenda ao Convenio.

Calquera outra modificación no contido deste convenio, requirirá acordo unánime entre Augas de Galicia e o Concello e tramitarse a través dunha addenda ao mesmo.

Para adecuar as estipulacións económicas ao ritmo previsto para a execución das obras é preciso reaxustar as anualidades.

Polo exposto, **ACORDO:**

1.- Que se reaxusten as anualidades do convenio de referencia, quedando como seguen:

Ano	Importe (Euros)
2019	183.011,17 €
2020	2.111.985,98 €
2021	833.414,16 €



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2022	1.171.588,69 €
------	----------------

2.- Que se notifique este acordo ao Concello de Pontedeume.”

Logo de ver o informe de fiscalización 10.2022 de 20.01.2022.

Esta Alcaldía somete a ditame da Comisión Informativa a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar o reaxuste de anualidades do convenio de referencia “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE MELLORAS NOSANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I. CONCELLO PONTEDEUME (A CORUÑA), COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020”, asumindo todas as obrigas e condicións do mesmo, segundo o que se indica:

Ano	Importe (Euros)
2019	183.011,17 €
2020	2.111.985,98 €
2021	833.414,16 €
2022	1.171.588,69 €
4.300.000,00 €	

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde-presidente do Concello de Pontedeume para a realización de todas as actuacións que sexan precisas para a execución do mesmo, en nome e representación do concello de Pontedeume.

TERCEIRO.- Dar traslado ao organismo autónomo Augas de Galicia aos efectos oportunos.>>

A presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra don Luis Pena Mosquera que indica que o voto do partido BNG vai ser a favor, ao tratarse dun reaxuste de anualidades.

Sen máis intervencións, sométese a votación a proposta de acordo quedando **ADOPTADO por UNANIMIDADE das concelleiras e concelleiros presentes, o ACORDO seguinte:**

PRIMEIRO.- Aprobar o reaxuste de anualidades do convenio de referencia “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE MELLORAS



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

NOSANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I. CONCELLO PONTEDEUME (A CORUÑA), COFINANCIADA POLA UNIÓN EUROPEA A TRAVÉS DO FONDO EUROPEO DEDESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NUN 80%, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020”, asumindo todas as obrigas e condicións do mesmo, segundo o que se indica:

Ano	Importe (Euros)
2019	183.011,17 €
2020	2.111.985,98 €
2021	833.414,16 €
2022	1.171.588,69 €
	4.300.000,00 €

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde-presidente do Concello de Pontedeume para a realización de todas as actuacións que sexan precisas para a execución do mesmo, en nome e representación do concello de Pontedeume.

TERCEIRO.- Dar traslado ao organismo autónomo Augas de Galicia aos efectos oportunos.

4.- DAR CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL 4/2022; REMISIÓN AO MINISTERIO DA INFORMACIÓN RELATIVA AO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO (PMP) E MOROSIDADE (CUARTO TRIMESTRE 2021).

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

<<PROPOSTA DE DAR CONTA

EXPEDIENTE TEDEC: 2022/X998/000004 e 2022/G006/000011

DAR CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL 4/2022; REMISIÓN AO MINISTERIO DA INFORMACIÓN RELATIVA AO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO (PMP) E MOROSIDADE (CUARTO TRIMESTRE 2021)

Logo de ver o sinalado no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, concretamente nos seus apartados 3 e 5, que sinalan literalmente que:

“3. Os tesoureiros ou, no seu defecto, interventores das corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta lei para o pagamento das obrigas de cada entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes en que se estea a incumprir o prazo.

4. Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no pleno da corporación local, o dito informe deberase remitir, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das comunidades autónomas que, conforme os seus respectivos estatutos de autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

-
/

5. A información así obtida poderá ser utilizada polas administracións receptoras para a elaboración dun informe periódico e de carácter público sobre o cumprimento dos prazos para o pagamento por parte das administracións públicas."

Logo de ver o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Dar conta do informe de Intervención municipal 4/2022, de comunicación de cumprimento da remisión de información ao Ministerio en relación coa morosidade e período medio de pagamento correspondentes ao cuarto trimestre de 2021>>

Os concelleiros e concelleiras presentes TOMAN RAZÓN.

5.- ASUNTOS DE URXENCIA.

Non se presentaron asuntos de urxencia.

6.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.

Dende a Presidencia, proponse incluír na orde do día a Moción seguinte:

6.1. MOCIÓN DO PSdG-PSOE EN DEFENSA DE MELLORAS NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE INTERUBANO.

Sométese a votación a urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DA MOCIÓN NA ORDE DO DÍA**, por **UNANIMIDADE**, dos concelleiros concelleiras presentes.

Toma a palabra o voceiro do PSdG-PSOE D. José Simoes Couceiro, para dar lectura a moción presentada polo PSdG-PSOE, que se transcribe a continuación:

*<<O Grupo Municipal dos Socialistas de Pontedeume de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **Moción en defensa de melloras na prestación do servizo de transporte interurbano.***

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o mes de Xaneiro do 2021, co cambio da empresa prestataria do servizo de transporte interurbano de viaxeiros que cubre as liñas da nosa comarca e une os nosos concellos co resto de municipios, estamos a recibir innumerables queixas por parte das veciñas e veciños en canto a o incumprimento dos horarios ou a supresión de paradas sen previo aviso.

As queixas dos usuarios comezaron xa os primeiros días da posta en marcha do contrato de licitación adxudicado á UTE Hércules Norte pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade . Tódalas demandas achegadas polos usuarios habituais da liña Ferrol-Coruña ou das diferentes liñas que unen as dúas cidades co resto de municipios referíanse principalmente ao incumprimento dos horarios establecidos no contrato e á supresión das paradas .



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



Ante esta situación a maioría dos concellos puxémonos en contacto coa Consellería de Mobilidade para reclamar que se cumpriran as condicións marcadas polo prego de licitación deste servizo de transporte e se nos asegurou que se trataba de axustes no comezo da prestación do servizo que se irían solventando nos seguintes días, unha promesa incumplida en reiteradas ocasións.

O longo do último ano, estamos a ler continuamente na prensa que esta situación non afecta só a un concello concreto, senón aos diversos municipios da comarca (Ares, Ferrol, Fene, Mugardos, Monfero, ect...), Descoñecemos a causa da deficiente prestación deste servizo, non sabendo se o prego de contratación foi redactado de xeito incorrecto, non adaptándose á realidade, ou se ben é a empresa prestataria a que está a incumplir ese contrato. De todos xeitos e en última instancia, é a Consellería, neste caso a Dirección Xeral de Mobilidade, quen ten a competencia por ser a prestataria deste servizo e a responsabilidade de garantir o correcto cumprimento do mesmo. De ahí que sexa a esta administración a quen lle esixamos o restablecemento das liñas e frecuencias anteriores ao comezo deste novo contrato..

O pasado 30 de Decembro, a algúns concellos, fíxosenos chegar o resultado dun estudo/auditoría externa onde se nos presentaban os datos da demanda "real" e a súa adaptación para satisfacer as necesidades dos usuarios co irrisorio prazo dun día hábil para presentar calquera alegación.

Xa non só polas liñas regulares dun transporte interurbano ao que os Concellos facemos unha achega económica e que deixan sen servizo a centos de usuarios, se non polas liñas integradas dos centros escolares e a gravísima situación que supón deixar aos menores só nas paradas e sen servizo de transporte escolar como así nos consta que ten acontecido.

O transporte público é fundamental na nosa bisbarra para unir municipios e dar acceso a servizos básicos á cidadanía que non dispón de vehículo propio, tales como acudir ao médico, a compra, etc. É ademais un medio de transporte que debemos de poñer en valor co obxectivo de reducir considerablemente as emisións contaminantes que poñen en perigo a nosa saúde e o ecosistema, así como o camiño a seguir para evitar aglomeracións de vehículos nas vilas e cidades, cumprindo así cos obxectivos de desenvolvemento sostible da axenda 2030 que estamos a implantar dende os concellos.

Por iso debemos esixir o cumprimento dos horarios tal e como se estaba a facer hai un ano pola anterior concesionaria. A reposición das liñas e paradas que foron eliminadas e que son obxecto de reclamación. Debemos esixir así mesmo que esta mala xestión do servizo non sexa a excusa para recortar unha vez máis os servizos públicos.

Así mesmo, coa implantación das liñas integradas no servizo de transporte que empregan alumnado e pasaxeiros non estudantes, estase a esixir o pago ao alumnado de bacharelato dos viaxes realizados para acudir ao seu centro escolar. Entendemos que o acceso a educación das /dos menores, e o alumnado de bacharelato o é, debe ser gratuíto e non se lle deben por trabas económicas que condicionen a posibilidade de continuar cos seus estudos.

Polo tanto, ante esta caótica e lamentable situación, o pasado 14 de xaneiro gran parte dos Concellos afectados reunímonos co obxectivo de facer unha petición común de resolución inmediata deste conflito.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



POR TODO O EXPOSTO ANTERIORMENTE, ESTE GRUPO MUNICIPAL SOLICITA E PROPÓN:

1º.- *Esixir á Xunta de Galicia o correcto cumprimento do servizo de transporte interurbano de xeito inmediato, tal como establece o contrato licitado pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade .*

2º.- *A reposición das paradas e liñas suprimidas e o aumento de frecuencias que favorezan e incentiven o uso deste transporte público.*

3º.- *A gratuidade do uso por parte de todo o alumnado do Institutos de Ensinanza Secundaria e Bacharelato na ruta de traslado do seu domicilio ao centro escolar independentemente do seu lugar de residencia por tratarse de menores de idade que ven mermados os seus dereitos de protección e non discriminación tal como establece a Convención dos Dereitos da infancia ratificada polo Goberno de España.>>*

Toma a palabra don José Simoes Couceiro (PSdG-PSOE), afirma en síntese que hai un problema crecente respecto a este tema. No seu momento asinouse un convenio coa Xunta de Galicia e os concellos da comarca, para que non existira déficit de transporte, que se mantiveran as mesmas liñas e paradas. Fixéronse moitas actuacións por parte deste concello, mandáronse escritos a Xunta e conversouse co Delegado Territorial, o cal propuxo certas intervencións, que puxemos en marcha xunto coa policía local, para verificar se se cumprían as paradas, e viuse que non sucedía así, sobre todo a liña Miño-Monfero, que é deficitaria totalmente. Actualmente os problemas seguen sen solucionarse, estanse creando problemas en toda a comarca no transporte escolar, no transporte de traballadores. Di que se creou unha plataforma en defensa do transporte público apoiada polo Concello e que esta plataforma se vai reunir coa Consellería. De seguido comenta, que mantiveron conversas cos alcaldes das comarcas afectadas, e decidiuse entre todos presentar mocións no Pleno das súas corporacións, ademais doutras actuacións a maiores, se non se soluciona. Finalmente di, que tamén hai desaxustes nos horarios, pois a empresa na súa páxina web ten uns, e a Consellería de mobilidade outros; cada día van colgando distintos horarios. O reaxuste do transporte metropolitano é penoso.

Toma a palabra don Santiago José Rodríguez (PP), que indica que están de acordo coa moción, ademais ofrecéronse a ter unha moción conxunta, comenta que non están en contra do aumento de autobuses pola autoestrada, sempre que non prexudique aos que van por fora. O voto vai a ser a favor.

Toma a palabra don Luis Pena Mosquera (BNG), ven unha incoherencia entre a exposición de motivos e o que se pide no punto 1, pois na exposición esíxese o restablecemento das liñas e frecuencias anteriores ao comenzo do novo contrato, e logo esíxese o cumprimento do actual contrato. Tamén comenta que a exposición de motivos establece que "*debemos esixir o cumprimento dos horarios, tal e como se estaba a facer hai un ano pola anterior concesionaria*", e despois se reclama que aumenten as frecuencias. Polo tanto a súa posición e cambiar os puntos un e dous da moción, por un que estableza, "*esixir a Xunta de Galicia a atender as demandas das persoas afectadas pola redución de frecuencias e horarios das liñas de autobús nas comarcas afectadas, mediante a recuperación dos servizos ofrecidos pola anterior concesionaria*". Finalmente o terceiro punto parécelle ben, e engadirían un cuarto



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



punto, que quedaría deste xeito, "esixir á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade que ofrezca unha información veraz tanto na páxina bus.gal como nas paradas dos buses sobre os horarios, frecuencias e paradas destes servizos".

Toma a palabra o Sr. Presidente, don Bernardo Fernández, afirma que pode ser confusa a redacción do primeiro punto, está a favor do cambio na proposta, de seguido di que o contrato parte de que os pregos do concurso están mal feitos, e non se adaptan a realidade do servizo que se prestaba con anterioridade ao novo contrato que é o que funciona mal; nas distintas reunións cos alcaldes da zona había un acordo de esixir a prestación dos mesmos servizos que coa anterior concesionaria. Con respecto ao punto dous, indica que non se debe anular, se non "solicitar a Xunta de Galicia un aumento de frecuencias en liñas, que favorezan e incentiven o uso do transporte público, sobre as que se realizaba a anterior concesionaria".

Toma a palabra o don Luís Pena Mosquera, parécelle razoable o indicado polo Presidente, pero debe quedar claro que o aumento de frecuencias é con relación á anterior concesionaria.

Sen máis intervencións, sométese a votación a **MOCIÓN ENMENDADA** quedando **ADOPTADO por UNANIMIDADE** das concelleiras e concelleiros presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Esixir a Xunta de Galicia atender as demandas das persoas afectadas pola redución de frecuencias e horarios das liñas de autobús nas comarcas afectadas, mediante a recuperación dos servizos ofrecidos pola anterior concesionaria.

SEGUNDO.- Solicitar á Xunta de Galicia o aumento do número de frecuencias en liñas que favorezan e incentiven o uso do transporte público, sobre as que se realizaba a anterior concesionaria.

TERCEIRO.- A gratuidade do uso por parte de todo o alumnado do Institutos de Ensinanza Secundaria e Bacharelato na ruta de traslado do seu domicilio ao centro escolar independentemente do seu lugar de residencia por tratarse de menores de idade que ven mermados os seus dereitos de protección e non discriminación tal como establece a Convención dos Dereitos da infancia ratificada polo Goberno de España.

CUARTO.- Esixir á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade que ofrezca unha información veraz tanto na páxina bus.gal como nas paradas dos buses sobre os horarios, frecuencias e paradas destes servizos.

A Presidencia indica que se presentaron outras dúas mocións urxentes, unha do PSdG-PSOE e outra do BNG, que se transcriben a continuación:

6.2. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE APOIO AOS TRABALLADORES DE LEITE CELTA

<<O Grupo Municipal Socialista no Concello de Pontevedra, con arreglo ao disposto no artigo 71,3 do Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réximen Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao pleno Municipal a seguinte MOCION



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 1989 fundábase a empresa Leite Celta na Regueira, parroquia de Andrade do noso municipio. No ano 2000, a estadounidense con sede en Dallas, estado de Texas, Dean Foods compra Leche Celta por 84 millóns de euros, sendo novamente vendida no 2006 á empresa portuguesa [Lactogal](#) por un importe de 50 millóns de euros para irrumpir no mercado español con fábricas e unha marca xa posicionada e ben coñecida polos consumidores. A empresa atópase actualmente no posto 32 do ranking de empresas da provincia da Coruña por volumen de facturación.

Tendo en conta estes datos, compre reseñar que estamos ante a industria máis importante da nosa Vila, cunha repercusión moi importante, tanto no emprego de Pontevedra e bisbarra, coma na economía do Concello, polos ingresos que os impostos derivados da actividade da mesma supoñen para as arcas municipais.

En 2017, Leite Celta convertiuse na primeira empresa láctea en obter o selo de benestar animal outorgado por [AENOR](#) (Asociación Española de Normalización e Certificación), que recoñece e pon en valor a calidade do produto por proceder este de explotacións galegas que alimentan ás reses en pastos naturais.

Dende o pasado mes de decembro véñense sucedendo unha serie de paros na Planta de Leite Celta convocados polo plantel da empresa para esixir melloras laborais para o persoal que presta o seu servizos na mesma.

Dende o Goberno Local iniciáronse contactos primeiramente coa presidencia do Comité de Empresa para coñecer de primeira man, tanto as súas reivindicacións coma a situación na que se atopaba a negociación emprendida entre a parte sindical e a patronal.

Desa reunión saiu o compromiso de mediar ante a empresa para retomar as negociacións de cara a garantir unhas mellores condicións laborais para o persoal da factoría así coma para a mellora da produtividade da mesma.

Recentemente, e tras esas conversas, mantivéronse varios contactos coa dirección da empresa para instar que se reinicien as negociacións, paralizadas actualmente, e das que deberá saír un acordo que remate coa situación que se está a vivir na actualidade.

Polo exposto, O Grupo Municipal Socialista no Concello de Pontevedra solicita ó Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

1. Esixir que se retomen as negociacións entre a patronal e a representación sindical de Leite Celta de cara a acadar un acordo que garanta melloras nas condicións laborais dos traballadores e traballadoras da factoría, así coma unha mellora na produtividade da empresa que afiance a continuidade da actividade que se desenvolve nas instalacións de Pontevedra.
2. Manifestar o apoio aos traballadores e traballadoras da factoría na procura de melloras laborais para o sector.>>

6.3. MOCIÓN DO BNG EN APOIO ÁS REVINDICACIÓNS DOS/AS TRABALLADORAS DE "LECHE CELTA"



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

<<Luís Pena Mosquera, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Pontevedra, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en pleno,

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A empresa Leche Celta dedicada ao envasado, fabricación e comercialización de leite e os seus derivados sitúase entre as seis primeiras empresas de España no sector de preparacions de leite cunha facturación próxima aos 180 millóns de euros. Actualmente ten unha plantilla de máis de 100 traballadores/as na súa planta de Andrade coa importante repercusión económica que iso supón para un concello como Pontevedra e a súa contorna.

Leche Celta foi a primeira empresa láctea en obter o dobre selo AENOR de Benestar Animal e Leite de Pastoreo, que certifica que o produto procede de explotacións galegas con vacas que se alimentan fundamentalmente de pastos naturais e que certifica o estado dos animais e o seu medio segundo os principios de boa saúde, alimentación, confort, comportamento, etc.

O comité de empresa que representa á plantilla de Leche Celta SLU da planta de Andrade convocou o pasado decembro paros para lograr un convenio digno con auténticas melloras salariais e sociais. Este foi o resultado logo dun ano de negociacións para o II convenio colectivo do centro de traballo, negociacións que actualmente están bloqueadas pola patronal.

As xornadas de folga neste inicio do ano paralizaron parcialmente a actividade nas instalacións, situación límite e indesexábel que dificilmente pode favorecer nin á empresa ni aos traballadores e traballadoras

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Apoiar aos traballadores e traballadoras nas súas demandas para garantir o poder adquisitivo e experimentar avances nos dereitos sociais.

2. Solicitar á dirección de Leche Celta que desbloquee as negociacións co Comité de Empresa para acadar un convenio colectivo socio-economicamente xusto e beneficioso para todas as partes. >>

Toma a palabra o Sr. Presidente indicando que as dúas mocións practicamente son idénticas, solicitan o mesmo. Di que tiveron varias reunións co Comité de Empresa e a dirección, para mediar no conflito, e recuperar o diálogo que se suspendeu, que as negociacións avancen cara conseguir unha mellora dos dereitos e calidade do emprego das persoas traballadoras da planta e así garantir co cumprimento da produtividade da planta. Indica que se trasladou a moción á presidenta do Comité de Empresa, para ver se lles parecía ben ou se quería que engadiramos ou retiramos outra e contestaron que estaban de acordo. Polo tanto, o que se propón, é facer unha declaración institucional na que se poidan sumar todos os grupos da corporación municipal, solicitando:



1. *Que se retomen as negociacións entre a patronal e a representación sindical de Leite Celta de cara a acadar un acordo que garanta melloras nas condicións laborais dos traballadores e traballadoras da factoría, así coma unha mellora na produtividade da empresa que afiance a continuidade da actividade que se desenvolve nas instalacións de Pontevedra.*
2. *Manifestar o apoio aos traballadores e traballadoras da factoría na procura de melloras laborais para o sector.*

Continúa o Sr. Presidente dicindo que Leite Celta é unha empresa importante para a economía de Pontevedra, que é coñecedor de hai unha modificación do convenio colectivo do sector que mellora as condicións e polo tanto a proposta inicial da empresa ten que modificarse e a partir de aí empezar a negociar de novo; e chegar a un punto de acordo que remate co conflito existente.

Toma a palabra don Santiago Rodríguez Piñeiro que indica que nestes casos, sempre se van poñer da parte do traballador e que están a favor de presentar a declaración institucional.

Toma a palabra don Luis Pena Mosquera que lle parece ben plantexar unha declaración institucional que están de acordo coa exposición de motivos, pero que se debe corrixir un pouco o texto proposto polo Sr. Presidente. Continua indicando que hai unha frase na moción do PSdG-PSOE que non poder asumir “*unha mellora na produtividade da empresa*”. Cree que non é o momento de apoiar iso. Pide que se poñan os puntos de acordo máis similares aos da moción do BNG.

Aquí prodúcese un debate sobre cómo redactar os puntos da declaración institucional.

Visto canto antecede, todos os grupos municipais representados no Pleno da corporación de Pontevedra, manifestan como DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN APOIO AOS TRABALLADORES DE LEITE CELTA o seguinte:

En 1989 fundábase a empresa Leite Celta na Regueira, parroquia de Andrade do noso municipio. No ano 2000, a estadounidense con sede en Dallas, estado de Texas, Dean Foods compra Leche Celta por 84 millóns de euros, sendo novamente vendida no 2006 á empresa portuguesa [Lactogal](#) por un importe de 50 millóns de euros para irrumpir no mercado español con fábricas e unha marca xa posicionada e ben coñecida polos consumidores. A empresa atópase actualmente no posto 32 do ranking de empresas da provincia da Coruña por volumen de facturación.

Tendo en conta estes datos, compre reseñar que estamos ante a industria máis importante da nosa Vila, cunha repercusión moi importante, tanto no emprego de Pontevedra e bisbarra, coma na economía do Concello, polos ingresos que os impostos derivados da actividade da mesma supoñen para as arcas municipais.

En 2017, Leite Celta convertiuse na primeira empresa láctea en obter o selo de benestar animal outorgado por [AENOR](#) (Asociación Española de Normalización e Certificación), que recoñece e pon en valor a calidade do produto por proceder este de explotacións galegas que alimentan ás reses en pastos naturais.

Dende o pasado mes de decembro véñense sucedendo unha serie de paros na Planta de Leite Celta convocados polo plantel da empresa para esixir melloras laborais para o persoal que presta o seu servizo na mesma.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



Dende o Goberno Local iniciáronse contactos primeiramente coa presidencia do Comité de Empresa para coñecer de primeira man, tanto as súas reivindicacións coma a situación na que se atopaba a negociación emprendida entre a parte sindical e a patronal.

Desa reunión saíu o compromiso de mediar ante a empresa para retomar as negociacións de cara a garantir unhas mellores condicións laborais para o persoal da factoría así coma para a mellora da produtividade da mesma.

Recentemente, e tras esas conversas, mantivéronse varios contactos coa dirección da empresa para instar que se reinicien as negociacións, paralizadas actualmente, e das que deberá saír un acordo que remate coa situación que se está a vivir na actualidade.

Visto canto antecede ACORDAN:

PRIMEIRO. Esixir que se retomen as negociacións entre a patronal e a representación sindical de Leite Celta de cara a acadar un acordo que garanta melloras nas condicións laborais dos traballadores e traballadoras da factoría, así como as melloras necesarias de cara a afianzar a continuidade da actividade que se desenvolve nas instalacións de Pontevedra.

SEGUNDO. Manifestar o apoio aos traballadores e traballadoras da factoría na procura de melloras laborais.

7.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

<<DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 27 DE XANEIRO DE 2022

(Expediente TEdC: 2021/G006/000010)

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **859.2021** de 27 de decembro ao **32.2022** de 21 de xaneiro de 2022, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2021/G003/000937	SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA 30-12-2021	000859/2021	27-12-2021 13:20
2021/G003/000866	TESOURERIA: EXPTE. 9973/10438.-TRASLADO POR COMPETENCIA AL CONCELLO DE PONTEDEUME RECURSO	000860/2021	27-12-2021 20:09



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

-
/

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	TASA LIXO Nº FIJO 253000548714.		
2021/G003/000867	TESOURERIA: ABB\CAMBIO TITULARIDAD TASA RECOGIDA BASURA	000861/2021	27-12-2021 20:09
2021/G003/000932	RESOLUCIÓN ESTIMATORIA DE ALEGACIONES EN EXP. SANCIONADOR DE TRÁFICO DR 20428-2021	000862/2021	28-12-2021 12:20
2021/G003/000902	Aprobación conta xustificativa pago axudas ás familias para a adquisición de material escolar. Curso Escolar 2021-2022. Segundo ciclo de Educación Infantil, Primaria e ESO do Concello de Pontedeume	000863/2021	28-12-2021 12:21
2021/G003/000829	TESOURERIA: SOLICITA CAMBIO TITULAR RECIBO LIXO DE VIVENDA SITA EN LUGAR DOS CASTROS Nº104	000864/2021	28-12-2021 12:21
2021/G003/000819	TESOURERIA: SOLICITA PASAR AO SEU NOME OS RECIBOS DE RECOLLIDA DE LIXO DA VIVENDA SITA EN HARBOSA 7 BJ POR SER O TITULAR DA VIVENDA	000865/2021	28-12-2021 12:21
2021/G003/000908	Decreto pagamento acordos Subvencións por concorrencia competitiva a entidades deportivas 2020	000866/2021	28-12-2021 12:21
2021/G003/000936	Decreto pagamento Eume Subvención por concorrencia competitiva a entidades deportivas 2020	000867/2021	28-12-2021 12:21
2021/G003/000947	REGULAMENTO PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS A TRAVÉS DA MODALIDADE DE TRABALLO A DISTANCIA OU TELETRABALLO.	000868/2021	28-12-2021 14:52
2021/G003/000946	Aceptación compensación	000869/2021	28-12-2021 15:48



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	subvencións nominativas 2018 e 2019 entidade Os Fenómenos do Eume		
2021/G003/000915	TESOURERIA: PADRON POSTOS MERCADO 2º SEMESTRE 2021	000870/2021	28-12-2021 15:48
2021/G003/000912	TESOURERIA: PADRON POSTOS MERCADO 2º SEMESTRE 2021	000871/2021	28-12-2021 20:48
2021/G003/000957	Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 30-12-2021	000872/2021	29-12-2021 14:23
2021/G003/000949	NOMEAMENTO CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/HA TÉCNICO DE MUSEOS E CENTROS DE INTERPRETACIÓN.	000873/2021	29-12-2021 15:37
2021/G003/000945	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº1 DA OBRA -MELLORA DA CAPA DE RODAXE DA PISTA Á CANTEIRA (OMBRE)- E ACTA DE RECEPCIÓN.	000874/2021	29-12-2021 15:38
2021/G003/000940	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº 1 - ÚLTIMA E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA -SUPRESIÓN DE SOTERRAMENTO DE CONTENEDORES NA PRAZA DE SAN ROQUE, PONTEDEUME. OBRAS MUNICIPAIS.	000875/2021	29-12-2021 15:38
2021/G003/000933	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1, 2, 3 (ÚLTIMA) E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA - PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DE SERVIZOS RÚA MANCEBO-. OBRAS MUNICIPAIS.	000876/2021	29-12-2021 15:39
2021/G003/000955	Decreto de rectificación de erros materiais do decreto 866/2021 de 28/12/21 de decreto pagamento acordos Subvencións por concorrencia competitiva a	000877/2021	29-12-2021 18:34



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

-
/

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	entidades deportivas 2020		
2021/G003/000943	ADQUISICIÓN DE TERRENO EN OMBRE-BUFARDA	000878/2021	30-12-2021 08:26
2021/G003/000941	ADQUISICIÓN DE TERREO EN VILAR	000879/2021	30-12-2021 08:26
2021/G003/000951	APROBACIÓN ALTAS E BAIXAS NO PROGRAMA DE CONCILIACIÓN MUNICIPAL MADRUGADORAS/MADRUGADORES CURSO 2021/2022	000880/2021	30-12-2021 08:27
2021/G003/000960	Aprobación das listas provisionais de admitidas/os, excluídas/os e listas de espera na Escola Infantil Municipal "Chalé Rosa". Convocatoria extraordinaria novembro. Curso 2021/2022	000881/2021	30-12-2021 08:28
2021/G003/000959	PRÓRROGA DO ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 2021 AO EXERCICIO 2022.-	000882/2021	30-12-2021 08:28
2021/G003/000954	AXUDAS PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL	000883/2021	30-12-2021 08:28
2021/G003/000926	Aprobar a listaxe de altas e baixas no programa de dinamización e fomento da participación social Talleres Culturais 2021/2022	000884/2021	30-12-2021 08:28
2021/G003/000900	TESOURERIA: SOLICITA A BAIXA DO RECIBO DE RECOLLIDA DE LIXO DO INMOBLE SITO EN AVDA DA CORUÑA Nº 11 - 5ª POR NON SER TITULAR DA VIVENDA DENDE O ANO 2019	000885/2021	30-12-2021 08:29
2020/G003/000220	Tramitación Decreto de reintegro de subvención do ano 2017 da entidade Xente de aquí e de acolá.	000886/2021	30-12-2021 10:23
2021/G003/000956	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº1 DA OBRA -REFORMA FOREMDES. POLICÍA E	000887/2021	30-12-2021 13:51



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

-
/

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	PORTAL GARAXE.		
2021/G003/000963	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/25	000888/2021	30-12-2021 15:18
2021/G003/000942	ADQUISICIÓN TERRENO BOEBRE PARA APARCADOIRO	000889/2021	30-12-2021 15:39
2021/G003/000944	ADQUISICIÓN TERRENO PARA APARCADOIRO EN ANDRADE	000890/2021	30-12-2021 16:04
2021/G003/000906	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº 4 E Nº 5 DA OBRA -REFORMA DA ESCOLA UNITARIA DE CAMPOLONGO-, POS+ 2019 - ADICIONAL.	000891/2021	30-12-2021 18:27
2021/G003/000972	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 24, TC 7.-	000892/2021	30-12-2021 18:27
2021/G003/000974	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/26	000893/2021	30-12-2021 20:59
2021/G003/000917	SOLICITUDE PAGAMENTO POR CONFERENCIAS NAS XORNADAS SOBRE A HISTORIA LOCAL DE PONTEDEUME	000894/2021	30-12-2021 22:21
2021/G003/000975	Resolución subvencións nominativas anos 208 e 2019, entidade Colectivo Terra.	000895/2021	30-12-2021 22:21
2021/G003/000962	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº1 DA OBRA "MELLORA DA CAPA DE RODAXE DO CAMIÑO DE PAREDES (BOEBRE).	000896/2021	30-12-2021 22:20
2021/G003/000973	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1 DA OBRA "RENOVACIÓN DE COLECTOR DE PLUVIAIS EN VENTOSA".	000897/2021	30-12-2021 22:20
2021/G003/000968	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1 DA OBRA "MELLORA CAPA RODAXE PISTA O GROBE-COVÉS"	000898/2021	30-12-2021 23:07
2021/G003/000965	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1 DA OBRA "MELLORA DA CAPA DE RODAXE DE PISTAS	000899/2021	30-12-2021 23:06



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

-
/

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	EN BER (BOEBRE).		
2021/G003/000967	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA DE PAGO A XUSTIFICAR POR RENOVACION SERVICIO APARTADO CORREOS 39AP	000900/2021	30-12-2021 23:25
2021/G003/000971	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA DO PAGO A XUSTIFICAR SELOS CONMEMORATIVOS (EXP. 2021/G003/000318)	000901/2021	30-12-2021 23:26
2021/G003/000976	Convocatoria Subvencións por concorrencia competitiva a entidades deportivas para o ano 2021	000902/2021	31-12-2021 16:45
2021/G003/000966	APROBACIÓN DOS PADRÓNS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA DO MES DE NOVEMBRO 2021	000001/2022	05-01-2022 10:08
2022/G003/000001	SOLICITUDE DE CONSULTA DE ARQUIVOS E OBTENCION DE COPIA DA LICENZA DE OBRA PROMOTOR ANTONIO ALLEGUE OTERO EN SAN CIBRAO POLIGONO 8	000002/2022	05-01-2022 10:17
2021/G003/000935	SOLICITUD GENERAL A NOMBRE DE MARÍA _____ SOLICITA: RECURSO DE REPOSICION CARREIRA PROFESIONAL	000003/2022	05-01-2022 10:15
2021/G003/000938	RESOLUCIÓN DESESTIMANDO SOLICITUDE DE ANULACIÓN EXPEDIENTE DE REINTEGRO DE RETRIBUCIÓN ABOADAS INDEBIDAMENTE	000004/2022	05-01-2022 10:13
2022/G003/000002	EXPEDIENTE DE INICIO PROCEDIMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO AI 99500000024735	000005/2022	07-01-2022 13:04



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

-
/

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2022/G003/000003	APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE, XESTIÓN DE RESIDUOS, SUBMINISTRADORES E SUBCONTRATAS E PROGRAMA DE TRABALLO PARA OBRA DA OBRA "RENOVACIÓN DA ESTACIÓN DE BOMBEO DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN CENTROÑA (POS+ 2017 ADICIONAL)" (Expediente: 2018/C003/000002)	000006/2022	07-01-2022 13:05
2022/G003/000005	EXPEDIENTE DE PRÓRROGA DA DELEGACIÓN ALCALDÍA. MANDATO CORPORATIVO 2019.2023. PERÍODO DO 08.01.2022 AO 18/01/2022	000007/2022	08-01-2022 17:38
2022/G003/000006	NOMEAMENTO FUNCIONARIA INTERINA POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE ARQUITECTA MUNICIPAL.	000008/2022	10-01-2022 12:30
2022/G003/000007	PERSOAL-BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PEÓN ADSCRITO A ÁREA DE OBRAS E SERVIZOS PÚBLICOS, UNIDADE DE OBRAS, UNIDADE DE LIMPEZA, SECCIÓN DE RECOLLIDA DE LIXO DO CONCELLO DE PONTEDEUME.	000009/2022	10-01-2022 15:10
2022/G003/000008	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE MULTAS DE TRÁFICO RESOLUCIÓN SANCIONADORA DR 99500000024773	000010/2022	12-01-2022 12:51
2022/G003/000012	Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 13-01-2022	000011/2022	12-01-2022 12:49
2022/G003/000014	solicitud alta participación nos talleres culturais curso 2021/2022	000012/2022	13-01-2022 14:22
2022/G003/000004	PROPOSTA DE ALTA NO	000013/2022	13-01-2022 14:56



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCORRENCIA		
2022/G003/000018	CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARA E URXENTE DO PLENO DO DÍA 17-01-2022	000014/2022	13-01-2022 14:55
2021/G003/000893	REMISIÓN DE EXPEDIENTE PROCEDEMENTO ABREVIADO 261/2021-M, 284/2021 _____ E MAPFRE SEGUROS CONTRA CONCELLO DE PONTEDEUME RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.	000015/2022	14-01-2022 12:43
2021/G003/000820	TESOURERIA: 2016EXP35027797 Propuesta baja rectificacion datos concello Pontevedra	000016/2022	17-01-2022 11:44
2021/G003/000903	TESOURERIA: SOLICITA LA ANULACION DOS RECIBOS DE TASA DE RECOLLIDA DE LIXO DOS ANOS 207, 2018 E 2019 DA VIVENDA SITA EN PESCADERIA 47-1º POR ESTAR XA ABOADOS	000017/2022	17-01-2022 11:55
2021/G003/000790	TESOURERIA: PROPUESTA DE RECTIFICACION DE DATOS 2018 14010	000018/2022	17-01-2022 11:55
2021/G003/000786	TESOURERIA: PROPUESTA DE RECTIFICACION DE DATOS 2018 13908	000019/2022	17-01-2022 11:55
2021/G003/000918	CONTA XUSTIFICATIVA GRUPOS POLITICOS 2021. PSDG-PSOE	000020/2022	17-01-2022 11:57
2021/G003/000896	TESOURERIA: Solicitud Xeral a nombre de _____. Solicita: SOLICITA SE PROCEDA A BAIXA DE DITA TASA DE LIXO, POSTO QUE NON E TITULAR DO INMOBLE REFERENCIADO, POR CONPREVENTA EFECTUADA O 16 DE JULIO DE 2019, ANTE O NOTARIO ALVAR	000021/2022	17-01-2022 14:47



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

-
/

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	QUINTANILLA		
2022/G003/000019	Resolución subvencións nominativas anos 2017,2018 e 2019, entidade Xente de aquí e de acolá.	000022/2022	17-01-2022 14:44
2022/G003/000023	AUTORIZACIÓN DE ASESORAMIENTO TÉCNICO PARA LA VALORACIÓN DE LA DOCUMENTACIÓN TÉCNICA PRESENTADA EN EL PROCEDIMIENTO DE CONTRATACIÓN "ACTUACIONES DE AHORRO ENERGÉTICO EN LOS ALUMBRADOS PÚBLICOS DEL CONCELLO DE PONTEDEUME FASE II "COFINANCIADO POR EL FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL EN EL MARCO DEL PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECIMIENTO SOSTENIBLE 2014-2020 (IDAE 2020)" Expediente 2020/C005/000001	000023/2022	18-01-2022 13:17
2022/G003/000024	IRPF, MODELO 111, DECEMBRO 2021	000024/2022	19-01-2022 13:33
2022/G003/000025	Convocatoria da sesión ordinaria da CIAXP do día 24-01-2022	000025/2022	19-01-2022 14:39
2022/G003/000026	Convocatoria da sesión ordinaria da CIAEP do día 24.01.2022	000026/2022	19-01-2022 14:39
2022/G003/000020	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA CONSERVACIÓN, DIVULGACIÓN E POSTA EN VALOR DE ÁRBORES SENLLEIRAS. XARDÍNS DE LOMBARDEIRO. 2022.	000027/2022	20-01-2022 00:27
2022/G003/000009	PERSOAL-NOTIFICAN A DECLARACION A TESOUREIRA _____ POR INCAPACIDADE PERMANENTE EN GRADO DE TOTAL	000028/2022	21-01-2022 15:04
2021/G003/000865	LIQUIDACION TAXAS	000029/2022	21-01-2022 15:01



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

-
/

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	CONSORCIO CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA POR LIMPEZA DE MANCHAS DE GASOIL E DE ACEITE NA RUA AVDA SAAVEDRA MENESES 1 E NO PEIRAO		
2022/G003/000013	EXPEDIENTE DE INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO AI 99500000024812	000030/2022	21-01-2022 15:00
2021/G003/000934	ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN DE USO PRIVATIVO DO POSTO Nº 4 DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME (ADXUDICACIÓN DIRECTA)	000031/2022	21-01-2022 14:51
2021/G003/000952	PRÓRROGA DEL PLAZO DE EJECUCIÓN DEL PROYECTO "ACTUACIONES DE AHORRO ENERGÉTICO EN LOS ALUMBRADOS PÚBLICOS DEL CONCELLO DE PONTEDEUME FASE II" COFINANCIADO POR EL FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL EN EL MARCO DEL PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECIMIENTO SOSTENIBLE 2014-2020, (IDAE 2020) , (Expediente: 2021/C005/000001) ACTUACIÓN S DE AFORRO ENERXÉTICO NOS ALUMEADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE PONTEDEUME (IDAE 2019)	000032/2022	21-01-2022 14:51

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde, don Bernardo Fernández Piñeiro, no día que figura á marxe>>

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN.**

8.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)
CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 www.pontedeume.gal

Páxina 37 de 42

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



O Grupo Municipal do Partido Popular (PP) na corporación municipal, presenta para o Pleno de xaneiro, os seguintes rogos:

1. Rogamos vixien a dobre fila diante da cafetería Martiño xa que en numerosas ocasións chega a ser ata de tres vehículos.
2. Rogamos se exixa á Xunta de Galicia repare o acceso nova garderia
3. Rogamos controlen o barrendeiro que se encarga da zona de Ricardo Sánchez xa que nos indican os veciños que se esconde no túnel do edificio o carón da farmacia.

O Grupo Municipal do Partido Popular (PP) na corporación municipal, presenta para o Pleno de xaneiro, as seguintes preguntas:

***Festas das peras:**

Rematado xa o prazo da xustificación da subvención do Concello á Comisión das Festas das Peras.

- 1.- A canto ascenden os gastos das Festas das Peras?

Resposta do goberno.- O custe presentado pola CF das Peras ascende a 64.823,46 €. Neste momento está en proceso de revisión debido a que detectouse algún defecto de forma na documentación presentada que xa foi corrixida e está pendente de finalizar o seu proceso de fiscalización.

***Edificio do Picho**

- 2.-En que situación se atopan os trámites de compra do edificio do Picho?

Resposta do goberno.- Actualmente á espera dun informe de Patrimonio do Camiño Inglés necesrio para incorporar ao expediente e xustificar a adquisición directa do inmovible.

***Mercado Municipal**

- 3.-En que situación se atopa o expediente administrativo da acometida da luz do Mercado Municipal? Como se lles cobra a luz a os praceiros?

Resposta do goberno.- No momento actual se está únicamente pendiente da subsanación dunha certificación solicitada por parte de Fenosa previa á finalización do expediente precisa para que cada un dos praceiros poda regularizar os seus boletíns

***Cafetería Mercado**

- 4.- Cando se termina a concesión da cafetería do Mercado?Cando sae a concurso a concesión de dita cafetería?

Resposta do goberno.- A concesión da cafetería rematou a finais do ano pasado estando no momento actual a súa concesionaria en precario á espera da finalización dos pregos que han de rexir a súa adxudicación

***Celebración do Entroido**



Sabemos que vai depender da evolución epidemiolóxica pero...

5.- Teñen pensado algo para a celebración do Entroido?

Resposta do goberno.- Desde o goberno municipal trabállase nunha programación a realizar o mais completa posible coa inclusión de actividades que poidan abarcar a todos os grupos de idade pero tendo en conta sempre as indicacións e recomendacións sanitarias na procura da prevención da expansión da Covid 19, que como saben, mudan novamente a partires desta semana. Está prevista a realización dun programa completo con concertos, pasarrúas, obradoiros e actividades que se concretarán unha vez este confirmada a súa compatibilidade coas medidas de prevención que se establezan desde a Xunta de Galicia.

***Viejo hospital de peregrinos**

"Patrimonio da el visto bueno al proyecto de convertir el viejo hospital de Pontevedra en albergue. El coste de la obra rondaría los 280.000 euros. Yolanda Vázquez confía en tener «encaminada» la reforma del viejo hospital cara al 2021, Año Xacobeo. «En cuanto arranque el nuevo mandato habrá que elaborar el proyecto de ejecución y seguir dando pasos», apuntó." Esto salía en prensa o 14 de xunio do 2019.

6.- A día de hoxe como se atopan os trámites para a rehabilitación do vello hospital?

Resposta do goberno.- Neste momento o proxecto xa está redactado e acadadas as autorizacións pertinentes. Confiamos que nas vindeiras datas podamos confirmar a obtención dunha achega para a súa execución, solicitada á Secretaría de Estado de Turismo.

***Praza de minusválidos**

7.- Elimínouse a praza de minusválidos en fronte da farmacia de Ricardo Sanchez? De non ser así, rogamos se pinte de novo xa que apenas se ve.

Resposta do goberno.- Por parte do Concello non, en todo caso, faremos a consulta con Estradas da Xunta, titular desa vía, por se fora suprimida por ese organismo.

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na corporación municipal, non presentou para o Pleno de xaneiro ningún rogo.

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na corporación municipal, presenta para o Pleno de xaneiro as seguintes preguntas:

1. PLENOS PÚBLICOS. Conforme ao artigo 70.1 de la Lei 7/1985, de 2 de Abril (Reguladora das Bases de Réxime Local), e ao artigo 253 da Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración local de Galicia "as sesións do Pleno das corporacións locais serán públicas". Do que se deduce que, por mandato legal, as sesións plenarias deberán ser públicas e polo tanto non deben existir impedimentos para o libre acceso dos cidadáns ás sesións plenarias. Creo o goberno local que os plenos do concello de Pontevedra están a ser públicos e que se está cumprir coa normativa vixente garantido o acceso dos administrados a un órgano tan relevante como é o Pleno ? Cre o goberno local que coa tecnoloxía do ano 2022 "dificultades técnicas" poden amparar esta situación ?



Resposta do goberno.- Respecto o acceso a información das sesión plenarias existe un apartado dentro da sede electrónica do Concello de Pontedeume denominado "Portal de Transparencia". Nesta sección accedendo a "Normativa" e seleccionando "Acordos plenarios" pódese acceder ás actas de pleno aprobadas.

Por outra banda, mentres se manteñan os plenos de maneira telemática, procederase á súa gravación e posterior publicación que tamén terá o seu acceso directo para consulta na nova páxina web.

Respecto á súa gravación en sesións plenarias presenciais se está traballando na obtención de subvencións para a adquisición do equipo de video-acta necesario.

2. PARTICIPACIÓN DO PÚBLICO ASISTENTE AO PLENO. Segundo o artigo 253.4 da Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración local de Galicia "terminada a sesión do Pleno, o alcalde poderá establecer unha rolda de rogos e preguntas co público asistente e sobre temas concretos de interese municipal". Cre o goberno local que por en marcha esta medida e darlle a publicidade necesaria melloraría a participación cidadá ? Podería implementarse esta medida no próximo pleno de febreiro ?

Resposta do goberno.- Este tipo de iniciativas pode valorarse na realización de plenos presenciais, situación que neste momento non é viable debido ás restricións preventivas existentes pola pandemia da covid-19.

En todo caso, por parte deste Goberno implementaranse estas medidas tendentes a mellorar o acceso á información por parte da veciñanza, un terreo no que se avanzou considerablemente ao longo dos últimos anos.

3. PASO SOBRE-ELEVADO. Pedimos que se instalara un paso de peóns sobre-elevado na Alameda. A última pregunta que fixemos foi en xuño do 2021. Para cando estará instalado ?

Resposta do goberno.- Cando sexa autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio, organismo do que depende o informe que nos permite realizar esa actuación

4. PÁXINA WEB. O Concello está sen páxina web. En que data estará en funcionamento a nova páxina oficial do Concello ?

Resposta do goberno.- Neste momento o páxina web do Concello está en fase de transición e proceso de posta en marcha con novo contido. Nos vindeiros días estará dispoñible.

5. ATENCIÓN CON CITA PREVIA NO SERVIZOS DO CONCELLO. A inmensa maioría do servizos públicos xa recuperaron o seu normal funcionamento de cara ao público. Por que o goberno local mantén a restrición de atención ao público mediante cita previa no concello de Pontedeume ?

Resposta do goberno.- Nas oficinas xerais do Concello de Pontedeume neste momento non exige cita previa para a atención ao público, máis alá do departamento de urbanismo, onde xa funcionaba con anterioridade para garantir unha mellor atención así coma o traballo do departamento. Dito isto, hai xa semanas que se atende a toda persoa que entra pola porta sen



a necesidade de que solicite a mencionada cita. A máis abundamento, por parte da Alcaldía tampoco se esixe nin se esixiu en ningún momento cita previa para ser atendido/a.

A raíz desta pregunta, e consultados os distintos servizos por se algún funcionaba con este sistema, detectouse que non fora retirado o cartaz da entrada que informaba dese extremo, polo que foi retirado de inmediato.

Nunca este Concello deixou de combinar as dúas fórmulas, atención directa ou cita previa sempre cunha atención constante, dentro das restricións existentes, a todas as necesidades da veciñanza

6. PISCINA MUNICIPAL. En que data sairá a concurso de licitación do servizo da piscina municipal ?

Resposta do goberno.- Tan pronto como os pregos poidan ser informados polo persoal que intervén na súa tramitación

7. TERRAZAS. É fundamental ter unha ordenanza actualizada para a instalacións de terrazas por parta da hostalaría local. Unha ordenanza que compatibilice o uso público do solo coa necesidade de acceso de servizos básicos e o propio uso peonil. Cando pretenden rematar este trámite e traer a pleno unha nova ordenanza ? Por que non fai público o estudo que teñen no seu poder?

Resposta do goberno.- Tal e como se respondeu en anteriores ocasións, por parte deste concello se traballa na elaboración dunha ordenanza que dé solucións para distribuir o espazo peonil e público da maneira máis axeitada para que sexa compatible coa instalación de mesas, cadeiras e toldos por parte dos titulares dos establecementos de hostalaría. Ademáis diso, unha vez estén adxudicadas as plazas tanto do técnico de contratación como o técnico de administración xeral, confiamos en poder axilizar o traballo de moitos departamentos e poder así finalizar a tramitación deste expediente.

Comentar tamén que a covid 19 nos situou e sitúa nun contexto moi inestable pola situación impredecible e variable que conlevaron as restricións para a súa posta en marcha, que mudan de maneira constante.

No que respecta á publicación do estudio realizado para valorar a situación das terrazas se fará público no momento en que se poda expoñer as liñas de ordenamento e modificacións necesarias respecto á situación actual buscando sempre o consenso social

8. ÁREA REXURBE. As áreas REXURBE son unha figura legal (creada ao amparo da Lei de Rehabilitación e Rexeneracións Urbanas de Galicia, Lei 1/2019)) coa que a Xunta de Galicia traballa na recuperación dos cascos históricos de vilas e cidades galegas. Fai case cinco meses contestáronnos que en outubro do ano 2020 comezaran vostedes xestións relacionadas con este tema. Que novas teñen vostedes de este tema ? Que documento se elaborou con posibles actuacións ao abeiro deste Plan ?

Resposta do goberno.- Nos remitimos á resposta número 5 do mes de setembro sen obter ningunha resposta do organismo competente. O 16 de decembro remitiuse nova solicitude de reunión, que foi enviada de novo o pasado día 10 do presente mes.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



9. EDIFICIO DO PICHO. Cal é o estado contractual da compra desta finca ? Cal é o coste económico previsto ? En que data se formalizará o contrato ?

Resposta do goberno.- Actualmente estamos á espera do informe da Dirección Xeral de Patrimonio do Camiño Inglés, necesario para poder realizar a compra directa do inmovible. O coste económico farase público no momento no que se peche a compra, data que depende do exposto con anterioridade.

10. MERCADO PROVISIONAL. Cal é a cronoloxía prevista para comezar cos novos usos das Lonxas de Rajoi? Existe un anteproxecto arquitectónico para o seu uso futuro ? Existe unha memoria económica?

Resposta do goberno.- Se está a traballar no seu plan de usos, proxecto xeral da envolvente e adecuación de espazos, atopándose estes traballos moi adiantados na actualidade.

REMATE DA SESIÓN

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as doce horas e corenta e cinco minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do Alcalde e da Secretaria, que dá fe.

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbese a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 24.02.2022, segundo o borrador asinado o día 21.02.2022. Esténdese a presente dilixencia para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria que da fé.

